CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Coñecer o seu medio próximo e comprender e analizar o uso da fotografía nas redes e no social media con espírito crítico, buscando a coherencia, sensibilidade e aporte estético nas súas creacións.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións fotográficas sinxelas, respondendo a unha premisa de xeito individual ou colectivo. Realizar tarefas mediante programas informáticos axeitados ao seu nivel de manexo e coñecementos empregando fundamentalmente software libre.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e de respecto e interese polas producións propias e as dos seus compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> <li>- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pretende introducir ao alumnado de 1º da ESO no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.
- 7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:
  - A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
  - Os bosquejos previos e definitivos.
  - A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
  - O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante a comparación dos resultados ante os traballos obtidos e as anotacións no rexistro do docente.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, , etc.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Ordenadores de reposto para préstamo
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos fuxíbeis: rotuladores, lapis de cores, pintura acrílica ou témpera das cores primarias, branca e negra, e materiais gráficos: lápices, compás e regras para préstamo ocasional ao alumnado.
Materiais para estampar.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Pizarra tradicional e pizarra de rotuladores

A materia impartirase nunha aula taller, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para

uso do alumnado, de ser necesario:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, revistas e periódicos e materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Farase unha proba inicial que pode ser cuestionario ou tarefa para coñecer o nivel de partida do alumnado. Esta proba inicial non é cualificable.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de tarefas ou cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	0	90	90	0	0	0	<b>27</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	10	10	100	100	100	<b>73</b>

### **Criterios de cualificación:**

#### **CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:**

Ao longo do curso o alumnado será avaliado mediante avaliacións parciais unha avaliación ordinaria e unha avaliación final no caso de non aprobar a avaliación ordinaria.

#### **CALIFICACIÓN NAS AVALIACIÓNS PARCIAIS:**

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades nas avaliacións parciais establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, que terán como referencia os indicadores de logro e os criterios de avaliación. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 80%

b) A través de observación na aula mediante o rexistro feito polo profesor valorarase o desenvolvemento na aula e a fronte a asignatura. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%

O desenvolvemento na aula valorarase a partir dos seguintes items.

Acude a clase ou non falta inxustificadamente.

Traballa sempre.

Colabora co clima de traballo e respecto na aula, colabora cos seus compañeiros.

Ten autonomía na realización das súas tarefas.

Pregunta as dúbidas, ou pide axuda cando o precisa e espera o seu turno para ser atendido

Respeita o seu traballo e o dos seus compañeiros

Mantén limpo e ordeado o seu posto de traballo

O desenvolvemento fronte a asignatura valorarase a partir dos seguintes items:

Trae sempre o material

Entrega a tempo as súas tarefas

Entrega as tarefas a aula virtual

No caso de ausencia, avisa e preocúpase por poñerse ao día no traballos realizados.

Comunica as súas dificultades de forma verbal ou a través de mensaxes.

Interesase por aprender e progresar no seu desenvolvemento na materia.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, ou de observacións nos traballos ou na aula. Un exemplo dalgunhas que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.

- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).

- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.

- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.

- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.

- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.

- Entrega as tarefas en prazo.

#### **CALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL.**

A nota da avaliación final consistirá na ponderación cunha media aritmética das notas das avaliacións parciais. As cualificacións a partir do cinco aplicarase o redondeo científico, valorando a evolución positiva do alumnado.

No caso de non superar o curso e antes da avaliación final o alumnado poderá recuperar as avaliacións suspensas mediante un destes dos procedimentos.

a) Se as tarefas non presentadas ou suspensas nas avaliacións non superan o 50 % dos traballos totais do curso, o alumnado deberá realizar e presentar os traballos non superados. A nota destes traballos ponderarase no 80%.

b) Se as tarefas non presentadas ou suspensas nas avaliacións superan o 50 % dos traballos totais do curso, deberá



entregar al menos a metade das tarefas e presentarse a unha proba de avaliación e deberá entregar al menos a metade. A nota ponderase no 80%. Sendo a proba o 40% e as tarefas o 40%.

O 20% restante seguirá sendo o desenvolvemento na aula e fronte a asignatura.

O curso considerárase avaliado positivamente a partir do cinco. Nas cualificacións a partir do cinco aplicarase o redondeo científico, valorando a evolución positiva do alumnado.

### **Criterios de recuperación:**

#### **RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:**

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados ou realizar tarefas similares deseñadas polo profesor para recuperar os aspectos non acadados ao longo do curso. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado, preferiblemente antes das sesións de avaliación parcial.

No caso de non acadar avaliación positiva o alumnado terá dereito a presentarse os precidimentos de recuperación previos á avaliación final, sinalados nos apartados a e b do apartado anterior.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

### **SEGUIMIENTO PERIÓDICO:**

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, a través da xefatura do departamento.

O profesorado poderá realizar un seguimento do plan e do alumnado mediante reunións presenciais. A avaliación será continua e final.

As probas de avaliación continua e final levaranse a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro. As prácticas consistirán en tre entregas e serán entregadas ao alumnado persoalmente ao inicio do curso. Después da primeira entrega, o alumnado ao entregar os traballos previstos, recibirá a segunda entrega e así sucesivamente. A nota final consistirá na media das 3 entregas (3 puntos máx) xunto coa nota media da proba de avaliación. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A calificación ponderárase na avaliación continúa :

70% proba de avaliación + 30% prácticas

O proba de avaliación continua realizarase aproximadamente no mes de maio.

### **PROBA FINAL:**

De non superar a materia a través das entregas periódicas e a proba de avaliación continua, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica. A nota desta proba será a nota de calificación final do alumnado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de adaptar a dificultade das actividades e os tempos de realización.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os cambios educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades poderá ampliar o currículo mediante tarefas de investigación ou afondamento, así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- O departamento colabora activamente con outros departamentos a través da súa participación en concursos, actividades interdisciplinares e proxectos de modo que poda as veces agrupar os contidos e destrezas propias da materia para favorecer activamente os procesos de aprendizaxe .
- Unha frecuente comunicación coas familias a través do titor e os informes sobre o alumnado é fundamental para aquel alumnado con especiais dificultades na materia..

#### MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, ou profesorado de apoio na aula sería moi favorecedor para á atención á diversidade.

- Non podemos esquecer a importancia da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.							X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X			X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X		X	X				
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X

	UD 9
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

### Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas virtuais a exposicións e museos para coñecer recursos e buscar ideas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.	X	X	X
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	O alumnado de primeiro da eso participa este ano en Educación Responsable, un proxecto da Xunta conxunto coa fundación Botín.	X	X	X

#### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro.
(M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán.
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitáma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.

(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Utilizo diferentes tecnicas para medir os seus aprendizaxes
(A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, adapto as tarefas as posibilidades do grupo.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Unha vez rematado o trimestre, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / Co alumnado.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o desenvolvemento da mesma e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- diario de aula;
- análise dos resultados da avaliación
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## 9. Outros apartados